



DECRETO

Asunto: nomeamento de 1 peón forestal por substitución de traballadora en situación de incapacidade temporal do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026

Expediente: 2026/E001/000001

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provisión, mediante o sistema de concurso-oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de cinco postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento: TR351G). (DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2026),

Vistos os decretos con datas do 17/06/2026 e 19/06/2026 de nomeamento de 5 peóns forestais e de alta na Seguridade Social a cinco traballadores e formalización dos contratos de traballo na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), con unha duración de 9 meses e a xornada completa, con data de inicio do 22/06/2026 e data de fin ao 21/03/2027, respectivamente.

Visto o parte de IT da entidade Concello de Cabana de Bergantiños do periodo: 01/07/2026- 31/07/2026, que reflexa a unha incapacidade temporal da traballadora Dona María Consuelo Vázquez García con data do 23/06/2026.

Visto o artigo 17.2 da Orde de convocatoria do 22 de xaneiro de 2026, que indica que no suposto de baixas temporais que se prevexa dunha duración superior a 30 días, será posible a substitución logo da autorización expresa do departamento territorial da Coruña, por solicitude fundamentada da entidade contratante.

Visto que o concello solicita autorización para a substitución da traballadora en situación de incapacidade temporal, e con data do 13/07/2026 o Departamento territorial da Coruña autoriza a substitución expresa da traballadora María Consuelo Vázquez García nos termos e condicións establecidos na normativa aplicable.

Tendo en conta o punto 10.2 das bases de selección onde se reflexa que *"No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, incapacidade temporal ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato de traballo, ou no caso de formalizar o contrato de traballo, se dera calquera das situacións anteriormente descritas ademais de ausencias, permisos, vacacións, licenzas, etc., o órgano convocante poderá substituíla pola seguinte na orde de puntuación da bolsa de traballo, segundo a orde de puntuación acadada"*,

Vista a única acta do Tribunal de selección do día 15/06/2026, asinada por todos os membros do tribunal, onde se propón como aspirante suplente por orde de puntuación a D. El Habid El Boussidi A e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear como peón forestal a D. El Habid El Boussidi A en substitución da traballadora Dona María Consuelo Vázquez García para o programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.

SEGUNDO: conceder un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que o adxudicatario presente a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula núm 11 das bases de selección para a súa posterior formalización de contrato vinculado a programas de activación para o emprego (código 405).



TERCEIRO: publicar no taboleiro de anuncios electrónico do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección.

CUARTO: trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Dou fe,

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

A SECRETARIA

Ana María Reyes Cambre